

ENSINO CONCERTADO. NON MÁIS RESIGNACIÓN. INICIAMOS MOBILIZACIÓNS

27 de febreiro de 2018

A Consellería de Educación está a agraviar de forma continuada desde 2009 aos traballadores do ensino concertado. Fagamos un repaso.

- ✓ Antes de que comezaran os recortes debidos a leis estatais a consellería recortounos 50€ do acordo retributivo de 2008.
- ✓ No ano 2013, aplicou un recorte salarial do 2'23% por vontade propia sen ningunha lei estatal que a obrigara a iso.
- ✓ Con todos os recortes salariais perdemos, se consideramos as subidas (e baixadas) do IPC, máis de de 26.000€ ou 30.000€, segundo o nivel. É dicir traballamos un ano gratis para a Xunta. Hoxe en día o noso salario é inferior ao de 2009.
- ✓ Desde agosto de 2009 non se renovan os Acordos de Mantemento de Emprego (AME). Estes acordos serviron para que centos de traballadores que perderon o seu posto de traballo a causa da supresión de unidades concertadas fosen recolocados.
- ✓ A Consellería deixou de aboar a paga extraordinaria de antigüidade (PEA) en 2010. En 2010 a Consellería recoñeceu o dereito á PEA a máis de 350 traballadores. Só lles aboou a PEA a 85. Desde 2010 centos de compañeiros perfeccionaron o dereito a percibir a PEA, concepto salarial recoñecido no Convenio da concertada. Supón entre 12.000 e 15.000 segundo o nivel educativo.
- ✓ Aos traballadores da concertada non se nos aboa o complemento por xefatura de departamento nin tan sequera o **complemento por ser coordinador do equipo de dinamización lingüística** o incumprindo a súa propia lexislación (RD 79/2010 do Plurilingüismo)

Por iso, xa está ben de resignación, debemos rebelarnos, loitar, reivindicar. Porque ademais están a burlarse de nós cando din que a situación económica en Galicia e boa, Para quen? Desde logo para os traballadores da concertada non. Xa está ben de que nos menosprecen. Mobilicémonos.

Así pois, todos os sindicatos que teñen representación no ensino concertado en Galicia (exemplo salientable de unidade sindical) levaremos a cabo as seguintes accións para as cales che pedimos a túa colaboración, participación, apoio:

- **Pasaremos polos colexios a recoller a túa firma.**
- **Concentración de liberados ante a Consellería o 4 de abril.**
- **Concentración de delegados ante a Consellería o 25 de abril.**

Tamén poderedes firmar, traballadores e non traballadores da concertada na web

www.negociacionconcertadaxa.es

Manterémoste informado

Xuntos podemos máis

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO
DA FeSP-UGT ENSINO**